

O CPI de Vedra participa no Correlingua 2017

Hoxe luns día 8 de maio participamos co alumnado de 1º e 2.º de ESO nunha nova edición do Correlingua.

66 rapaces do CPI de Vedra convocados dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro desprazáronse cos profesores Victoria, Juan, Juanma, Pilar e Xulia para participar deste día de festa da lingua en Santiago de Compostela.

Como cada ano esta actividade vense realizando por toda a xeografía galega en datas previas á celebración das Letras Galegas.

O lema elixido para este Correlingua 2017 foi "EN GALEGO, SEN CANCELAS".

O CPI de Vedra tivo a honra de levar a pancarta que abría a marcha. Unha marcha que nos levou pola Praza da Quintana, a Rúa da Conga, a Rúa Nova, a Rúa da Caldeiraría, a Rúa do Preguntoiro; a Praza do Pan, a Rúa da Troia, a Rúa da Fonte de S. Miguel, a Rúa da Porta da Pena, a Rúa dos Xasmíns, a Avenida Xoán XXIII, a Rúa de San Franciso, a Praza do Obradoiro, a Rúa de Fonseca e a Rúa de Xelmírez para finalizar de novo na Quintana.

As actuacións que seguiron tras a andaina foron conducidas por Isabel Risco e, entre elas, destacamos: a lectura do manifesto, a actuación do grupo Cantalingua e o concurso de animación na carreira.

Xulia Marqués
Coordinadora do EDLG